

MOCIÓN DE AER SOBRE INICIATIVA SOCIAÇÃO DE CESANTES

PLENO 31 MAIO 2012. ACTA 9/2012

ANTECEDENTES.-

Moción presentada polo Grupo Municipal da AGRUPACIÓN DE ELECTORES DE REDONDELA, no Rexistro Xeral do Concello con data 25 de maio de 2012, que transcrita dí:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No número 25 do Alto dos Tras na parroquia de Cesantes está instalada unha gran grúa de obra dende hai aproximadamente uns catro anos. O terreo onde está instalada conta cunha licenza de obra e o terreo está valado pero nunca se iniciaron os traballos de construción do edificio. Segundo nos comentan os veciños, parece ser que nestes anos esta grúa non ten ningunha clase de mantemento por parte da empresa instaladora. Os veciños insítennos no perigo que supón que os ventos azouten esa estrutura, xa que en ocasións son moi fortes, tanto que en varias ocasións arrincaron as chapas de peche da finca. Ademais, existen moitas casas próximas e esta grúa atópase ao carón da estrada Nacional 550.

Asimesmo, aproveitamos para poñerlles en coñecemento de que a parcela está moi abandonada, con maleza e ratas.

A petición da Asociación de Veciños, Telefónica puxo unha pouca de orde en todo os cables que cruzan a parcela, pero na esquina da rúa Barronca está colocado un poste de gran porte, que era o que suxeitaba os cables, pero está podre e existe perigo de que se parta.

Incluímos unha reportaxe fotográfica sobre este lugar.

Por todo o anteriormente exposto e vendo o perigo evidente de dita instalación, propoñemos ao pleno do Concello os seguintes **acordos**:

Instar ao goberno local a:

- 1) Informar da situación da licenza desta obra.**
- 2) Iniciar os trámites pertinentes para retirar a grúa e o poste na maior brevidade posible.”**

O Sr. Alcalde sinala que esta moción máis ben é un rogo e suxire ao voceiro de AER que a retire. Sinala que hai unha licenza de obra que está no xulgado a partir dunha denuncia e que a grua pasou a revisión en febreiro e non teñen problema en requerir a Fenosa. O expediente está a sua disposición.

O concelleiro Varela Couñago dí que está de acordo en que sexa considerada como un rogo.-